

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA A ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN MUNICIPAL DA MOCIDADE**

O Grupo Municipal de Ferrol en Común, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento do organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción dirixida ao pleno relativa a ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN MUNICIPAL DA MOCIDADE

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende o Grupo Municipal de Ferrol en Común consideramos urxente a elaboración e posta en marcha dun Plan Municipal da Mocidade que implique transversalmente a todas as áreas de gobernó, e aposte decididamente pola vida da xente moza en Ferrol. Son precisas medidas inmediatas e específicas para rescatar á xuventude ferrolá desta fonda crise permanente. Temos que atender ás mozas e aos mozos, un colectivo que está a sufrir un incremento da súa vulnerabilidade en moi diversos ámbitos nos que o concello pode intervir, como son o emprego, a vivenda, a educación, a cultura e, nun contexto como actual, a súa saúde, tanto física, como emocional e social.

Agora son necesarias políticas integrais e transversais que dean resposta ás situaciónns de desemprego e precarización laboral, ás dificultades de acceso á vivenda de alugueiro; tamén aos atrancos para continuar financiando e apoiando os procesos de formación nos

que están inmersos ou aqueles que queren abordar no futuro. Non esquecemos a necesidade dun acceso fluído á creación cultural, é dicir, a que a cultura feita polas mozas e mozos da cidade forme parte do campo cultural a través de procesos de integración da produción e investigación que no eido creativo desenvolven as xeracións novas. Por último, tampouco esquecemos a poboación moza migrante, aos retornados e aos inmigrantes que chegan ao noso concello nunha coxuntura ben complexa, acentuada en procesos que poden derivar en exclusión social.

Para unha planificación estratéxica do antedito, precísase a elaboración dun plan municipal que asuma a mocidade coma colectivo prioritario nas políticas de emprego e desenvolvemento económico, nas de vivenda, nas políticas sociais, culturais e educativas. Sería necesario que o goberno municipal entendese que a mocidade é prioritaria para o futuro deste concello. Para iso, non é suficiente as políticas que se desenvolven dende un departamento concreto (e que por causa da Covid, aínda se viron mirorizadas aínda máis se cabe), senon que, dada a dramática coxuntura actual, debese dar un salto cualitativo e implicar ás outras áreas de goberno na atención ás necesidades da xente moza.

Sen darlle posibilidades para levar adiante os seus proxectos de vida, sen apoios e orientacións nesta última crise sanitaria, social e económica, Ferrol sufrirá as consecuencias de non ser un concello para que a xente nova viva, traballe, cree e constrúa o seu futuro, e por ende, o futuro de todas nos.

Esta é a nosa defensa, a través desta moción reivindicamos que a mocidade de Ferrol precisa dun plan ambicioso, dotado de orzamento en distintas áreas municipais e non só nun departamento que nestes momentos debera estar máis activo para o acompañamento dun colectivo en risco de vulnerabilidade. Agardamos que os novos

orxamentos prioricen as necesidades das mozas e mozos de Ferrol e para iso, o Grupo Municipal de Ferrol en Común presenta á consideración do Pleno o seguinte ACORDO:

- O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno á elaboración, dotación orxamentaria e posta en marcha dun “Plan Municipal de Mocidade” no que se impliquen transversalmente diferentes áreas do goberno municipal para poder dar conxuntamente resposta ás necesidades de emprego, vivenda, educación, benestar físico e emocional e acceso á creación cultural das mozas e mozos Ferrolás.

Ferrol, 22 de febreiro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM de Ferrol en Común